

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 12 DE MAIO DE 2023**

### **PRESIDENTE:**

O alcalde, D. Óscar A. García Patiño

### **ASISTENTES:**

D. Daniel Mallo Castro  
D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto  
D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta  
D. Diego Alcantarilla Rei

### **NON ASISTEN:**

D. Juan González Leirós  
D.<sup>a</sup> Lúa Sanguñedo Álvarez  
D.<sup>a</sup> Elisa Pestonit Barreiros

### **SECRETARIA XERAL:**

D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as once horas do día doce de maio do ano dous mil vinte e tres, réunese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Óscar A. García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, D. Daniel Mallo Castro, D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta e D. Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten á sesión o Sr. concelleiro D. Juan González Leirós, a Sra. concelleira D.<sup>a</sup> Lúa Sanguñedo Álvarez e a Sra. concelleira D.<sup>a</sup> Elisa Pestonit Barreiros.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame do asunto incluído na orde do día da convocatoria.

## **- PUNTO ÚNICO. ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR SUBMINISTRACIÓN E SERVIZOS PARA A PRODUCCIÓN DO EVENTO “CELEBRACIÓN LETRAS GALEGAS 2023”. (EXPTE. 2023/C002/000019).**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 11 de maio de 2023 (CVD: lwl2vyntWoHNwjNgbTJq), que transcrita di:

### **“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto que con data do 05.04.2023 publicouse na plataforma de contratación do estado a licitación do expediente de contrato menor da “Subministración e servizos para a produción do evento “Celebración Letras Galegas 2023” (expediente TEDeC 2023/C002/000019), finalizándose o prazo de presentación de ofertas con data do 14.04.2023.

Visto que consta no dito expediente o documento de retención de crédito asinado con data do 31.03.2023 (código para validación: 7MQFM-0TNUT-5LHRW) por importe de 9.976,32 euros con cargo á aplicación orzamentaria “334 22609 Actividades culturais”.

Visto o informe desfavorable emitido pola técnica de xestión de administración xeral, coa conformidade da secretaria xeral, de data 03.05.2023 (CVD: S3YLEfe7fcl/OTaRZY4T), que di:

“(…)

*Danse por reproducidas as consideracións xurídicas expostas no informe emitido pola técnica que subscribe, coa conformidade da secretaria xeral, con data do 04.04.2023 (CVD: Jhb1wYANK8wOB/dwPav6) neste expediente.*

*Consta no dito expediente o informe de selección do contratista emitido con data do 24.04.2023 (CVD: rJdYNMclCbDB7GmEBPtR), pola dinamizadora cultural e o coordinador de actividades culturais e educativas, que di:*

“(…)

*En relación co expediente de contrato menor de referencia emítese o seguinte INFORME:*

*Primeiro: Presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:*

<i>Empresa</i>	<i>Oferta sen IVE</i>	<i>Oferta IVE incluído</i>
<i>Begoña Mareque Maneiro</i>	<i>8.017,5 €</i>	<i>9.701,18 €</i>
<i>Lago Empedrado S.L.</i>	<i>6.332,08 €</i>	<i>7.661,82 €</i>

*Segundo: Tendo en conta que o criterio de selección da oferta máis vantaxosa é o prezo, PROPOÑO:*

*Adxudicar o contrato menor correspondente á produción celebración Letras Galegas 2023, a entidade Lago Empedrado S.L., con NIF: B70296975, domicilio social na rúa San Andrés 25-3º, 15003 A Coruña, no prezo ofertado de 6.332,08 € (sen IVE), 7.661,82 € (IVE incluído), por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, o factor prezo.*

*Faise constar que a empresa presentou a seguinte documentación que ten sido anexada ao expediente de contrato menor e que se relaciona a continuación:*

*(…)*”.

*Tal e como se indicou no dito informe emitido por esta técnica con data do 04.04.2023, “(…) estamos ante unha contratación previsible. Tal afirmación non precisa maior explicación dada a súa obviedade pois, como se indica xa na memoria valorada, esta festividade leva celebrándose 60 anos “(… en 1963 se establece este día como festivo, para dedicarlo a homenaxear a los escritores y escritoras en lengua gallega. Hoy en día se convirtió en la gran fiesta de la lengua y la cultura gallega en todas sus manifestaciones. Es institucionalizada esta celebración por la Real Academia Gallega (RAG) que llega este año a su 60 edición, rindiéndole homenaje en cada anualidad, a la obra de una figura significativa de las letras gallegas (…)”.*

*Tampouco pode atribuírselle a esta contratación o carácter de urxente, pois a falta de planificación dunha contratación previsible non a define como tal.*

*En definitiva, non se cumpren os requisitos legais esixidos para poder utilizar o contrato menor, evitando a tramitación ordinaria e, con ela, a publicidade, libre concorrència, igualdade e transparencia que debe presidir toda a contratación pública (...).*

*Convén precisar que, se ben esta contratación foi publicada na PLACSP con data do 05.04.2023 (facéndose constar no anuncio de licitación que se abría un prazo de presentación de ofertas de 5 días hábiles, a través da sede electrónica deste Concello), a dita publicación non cumpre por si sola os requirimentos legais esixidos, xa que a LCSP é taxativa cos procedementos de contratación que poden aplicarse en cada suposto, e non reunindo esta contratación os requisitos propios do contrato menor, non se axusta á normativa a súa tramitación como tal. En definitiva, a súa publicación na PLACSP nin subsana nin completa, nin en todo nin en parte, a falla do procedemento establecido na normativa de aplicación; cuestión esta que non resulta baladí, pois o procedemento administrativo é a garantía de que a Administración opera con sometemento pleno á Lei ó Dereito. Cuestión esta que se puxo de manifesto no citado informe de data 04.04.2023.*

#### CONCLUSIÓN:

*En atención ao exposto, non procede a adjudicación como contrato menor da subministración e servizos para a produción do evento "Celebración Letras Galegas 2023", que consta na plataforma TEDeC co número 2023/C002/000019.*

*É o que expoño neste informe, que someto a calquera outro mellor fundamentado en dereito".*

Visto o informe de fiscalización, JUA NUM 167/2023 - REPARO 44 R, desfavorable con efectos suspensivos emitido polo interventor municipal con data 07.05.2023 (CVD: H3aAhzGIHNVYq0UjPP26), que di:

*"(...)*

#### RESULTADO DE LA FISCALIZACIÓN.

*Fiscalizado Desfavorablemente con efectos suspensivos. Motivos del reparo:*

*Se da traslado a esta Intervención por el departamento de Secretaría - Contratación, con fecha 03.05.2023, del expediente de contrato menor 2023/C002/000019 para su fiscalización previa limitada a la adjudicación por parte de la Junta de Gobierno Local del expediente de contrato menor "CM de suministros y servicios para la producción del evento "Celebración Letras Gallegas 2023".*

*Tiene en cuenta esta Intervención, que se emite por la técnico de gestión de Admnsitración General con el conforme de la secretaria municipal, informe desfavorable al expediente, con fecha 2 de maio de 2023 (CVD: S3YLEfe7fcl/OTaRZY4T), en el que se concluye lo siguiente:*

*"(...)"*

*Se trata de una actividad, Celebración de las Letras gallegas, y de una programa Red cultural cuya celebración se repite todos los años de forma reiterada, motivo por el cual no procede su contratación empleando el contrato menor, debiendo haberse tramitado por procedimiento abierto. CONCLUSIONES. Suspensión de la ejecución de los gastos hasta que el reparo sea solventado o sea resuelta la discrepancia planteada en relación con el contrato afectado por reparo. Se recomienda, antes de continuar con el expediente, proceder a solventar lo indicado por la intervención municipal. Corresponde al Presidente de la Entidad Local la resolución de las discrepancia, siendo su resolución ejecutiva. Esta facultad no será delegable en ningún caso (artículo 217 del TRLRHL).*

*Este es mi informe DESFAVORABLE CON EFECTOS SUSPENSIVOS, el cual someto a cualquier otra fundado en mejor derecho que sin duda tendré el placer de acatar.*

*(...)*”.

Visto o informe emitido pola dinamizadora cultural e o coordinador de actividades culturais e educativas con data do 08.05.2023 (CVD: E9LhvpMcQiLUHwGJk71C), que di:

*“(…)*

#### Antecedentes

*Informe de intervención JUA NUM 167/2023 - REPARO 44 R de data 07/05/2023 (CVD: H3aAhzGIHNVYq0UjPP26) no que se fai referencia a:*

*- que, a tenor do literal “Se trata de una actividad, Celebración de las Letras gallegas, y de una programa Red cultural cuya celebración se repite todos los años de forma reiterada, motivo por el cual no procede su contratación empleando el contrato menor, debiendo haberse tramitado por procedimiento abierto.*

*En relación aos reparos mencionados no informe da intervención municipal,*

#### **INFORMO:**

*Primeiro.- O programa “Letras galegas” se realiza cada ano; e tamén a Rede cultural da Deputación se convoca todos os anos; porén, as actividades que conforman o programa municipal son únicas para cada edición, e igualmente os espectáculos que propoñen os grupos, compañías e artistas individuais e as súas proposta de espectáculos non son coñecidas até que se publica, para cada ano, neste caso por medio da Rede cultural, a oferta de espectáculos.*

*Segundo.- Que a Rede cultural da Deputación provincial é unha convocatoria de apoio e promoción fundamental para o desenvolvemento dunha programación cultural municipal ao longo de todo o ano, neste e en moitos concellos, está xustificada polo servizo que presta aos concellos coa publicación da rede (grupos, artistas, compañías e espectáculos) e coa aportación económica, en función da poboación; para o Concello de Cambre esta é do 40% do orzamento (caché e necesidades técnicas de son e iluminación) A importancia é tal, que apenas temos contratacións artísticas por fóra desta plataforma de programación, salvo algunhas excepcións. Neste ano 2023 solicitaronse 26 actividades artísticas, se nos concedeu a totalidade, e se publicou esta adxudicación aos concellos no BOP núm. 78 do 25 de abril de 2023.*

*Terceiro.- A selección dos espectáculos faise para formar parte dos programas municipais a realizar, establecendo para cada actuación artística o lugar, a data e o horario previsto. Nesta ocasión a actividade está prevista para o sábado 13 de maio, sen tempo para tramitar un procedemento aberto.*

*Polo tanto, a vista do exposto:*

*- solicito o levantamento dos reparos suspensivos pola Alcaldía/Presidencia por considerar explicadas ou subsanadas os reparos sinalados pola intervención municipal, a fin de poder proseguir coa tramitación do expediente”.*

Vista a Resolución da Alcaldía núm. 840/2023, de 10 de maio, pola que se acorda “*levantar o reparo formulado polo interventor municipal no seu informe de fiscalización, JUA NUM. 167/2023 - REPARO 44 R, desfavorable con efectos suspensivos, emitido con data do 07.05.2023 (CVD:H3aAhzGIHNVYq0UjPP26)*”.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor núm. 2023/C002/000019 cuxo obxecto do contrato é a “Subministración e servizos para a produción do evento “Celebración Letras Galegas 2023”, con cargo á aplicación orzamentaria “334 22609 Actividades culturais”, por importe de 9.976,32 euros.

**Segundo:** Adxudicar o contrato menor correspondente a “Subministración e servizos para a produción do evento “Celebración Letras Galegas 2023” á empresa Lago Empedrado S.L., con NIF: B70296975, domicilio social na rúa San Andrés 25-3º, 15003 A Coruña no prezo ofertado de 6.332,08 € (sen IVE), 7.661,82 € (IVE incluído).

**Terceiro:** Designar responsable do contrato a dinamizadora cultural, dona Mª Pilar Paz Delgado, a quen corresponde supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Cuarto:** Notificar ao adxudicatario, para que execute o contrato nas condicións acordadas, coa incorporación da correspondente factura, unha vez conformada pola responsable do contrato.

**Quinto:** Dar traslado deste acordo, a través da plataforma de administración electrónica TEdC, ao interventor municipal e á responsable do contrato.

**Sexto:** Publicar o presente acordo no termos establecidos nos artigos 63.4 e 346.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e artigo 8.1 a) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Este acordo, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnala directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 11 de maio de 2023 (CVD:



lwl2vyntWoHNwjNgbTJq), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as once horas e catro minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo